

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS (ESCENA GALEGA) PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN, PROMOCIÓN E FORMACIÓN NO ÁMBITO DA ACTIVIDADE ESCÉNICA PROFESIONAL EN 2019

MEMORIA XUSTIFICATIVA

*O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:***

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar coa **Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a data de sinatura ata o 18 de decembro de 2019**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é a realización de actividades de dinamización, promoción e formación no ámbito da actividade escénica profesional de cara a darlle maior visibilidade ao tecido profesional da escena galega a través do desenvolvemento dun programa de actividades que se concretan en tres eixes ou liñas de traballo: 1) promoción da actividade profesional, a través da presenza nos mercados e feiras de referencia do sector, así como na participación en diferentes eventos e presentacións que leven a crear unha estratexia de promoción profesional propia da actividade escénica. 2) formación continua e mellora profesional, con accións formativas diversas relacionadas coa xestión empresarial e módulos formativos de carácter monográfico. 3) desenvolvemento de proxectos estratéxicos encamiñados a manter espazos de intercambio xa asentados e a dinamizar o diálogo con outros axentes do sistema escénico galego e doutros territorios, como o proxecto Camiño Escena Norte ou a liña de traballo aberta co sector da Rexión Norte de Portugal.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Escena Galega, atendendo aos seus fins, vén promovendo de forma continuada un programa de actividades e servizos de carácter colectivo e asistencial así como de fomento de todo tipo de iniciativas que redundan na defensa e potenciación das artes escénicas, e que se concretan nas actividades que leva a cabo para a promoción e visibilización do tecido profesional da escena galega coa asistencia á feiras e mercados de carácter estratéxico así como coa formación, mellora profesional e asistencia ás empresas asociadas e desenvolvemento de encontros e xornadas profesionais.

E todo este esforzo no fomento do sector escénico que realiza a Asociación tanto a nivel representativo como de dinamización e promoción coincide plenamente coas liñas de traballo da Agadic no que atinxe ao impulso da cooperación e do asociacionismo nos distintos sectores culturais, así como no establecemento



de medidas para aumentar a presenza nos mercados culturais, e de apoio aos procesos formativos, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas, establecendo accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

